

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

CLUB NÁUTICO DE BELUSO

PREÁMBULO

O Club Náutico de Beluso acordou en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 6 de outubro de 2022, a modificación dos seus Estatutos. Consonte dita modificación estatutaria, e atendendo ao acordo da Asemblea, estimouse conveniente proceder á actualización do Regulamento de Réxime Interno.

ARTIGO 1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. O presente Regulamento de Réxime Interno ten como obxectivo regular tanto a convivencia como o ordenado uso e goce dos servizos, dependencias e instalacións do Club Náutico de Beluso.
2. Será de aplicación dentro dos límites do Club, sendo de obrigado cumprimento para todos os asociados.

ARTIGO 2.- LOCAL SOCIAL

1. A sede social do Club Náutico de Beluso está situada na actualidade nun local de planta baixa que integra diferentes espazos: administración, servizos de aseos e duchas, Escola de Vela e zonas de almacenaxe.
2. A Xunta Directiva poderá reservar o recinto para a celebración de festas, reunións, asembleas e outros actos de interese social.
3. Conforme á lexislación vixente, non está permitido o consumo de tabaco na sede do Club.

ARTIGO 3.- ACCESO Á SEDE DO CLUB

1. Para o acceso á sede do Club é imprescindible ser Socio.
2. No caso de que a sede non estivese aberta, poñerase a disposición dos Socios unha chave de acceso cuxa copia será sufragada polo Socio. Esta será persoal e intransferible, constará a súa entrega e non poderá cederse a terceiros sen o consentimento da Xunta Directiva.
3. Puntualmente poderán dispoñer de acceso baixo a supervisión dos monitores de vela ou da Xunta Directiva, segundo proceda:

a) Os pais/titores ou persoas a cuxo cargo están os alumnos ou alumnas que están a participar nun curso da Escola de Vela.

b) Os tripulantes e acompañantes das embarcacións que estean a participar nas regatas ou probas deportivas programadas e organizadas polo Club.

Todas estas as persoas terán que observar e cumprir en todo momento o establecido no presente Regulamento de Réxime Interno.

4. Queda prohibida a entrada ao recinto social do Club a toda clase de animais.

ARTIGO 4.- ESPAZOS E AVEÑOS

1. Os Socios do Club teñen a obriga de velar polo bo estado de uso e conservación de todos os bens e espazos que forman parte do Club.

2. En todos os espazos do Club deberán observarse as normas de conduta e comportamento adecuadas a unha ordenada convivencia.

3. A reparación de calquera dano que se cause nas instalacións do Club derivada de actuación negligente, incumprimento das normas e instrucións vixentes no Club, correrá a cargo do seu autor, ou do seu responsable no caso de menores ou convidados.

4. O Club non asume ningunha responsabilidade polos danos, avarías, roubos ou furtos que puideren causarse ou se produciren nos bens de propiedade particular dos Socios. Se as avarías as causase outro Socio, estará obrigado acatar a resolución que a Xunta Directiva puidese ditar.

5. Todo Socio que utilice material propiedade do Club, deberá devolvelo nas mesmas condicións en que se recibiu.

ARTIGO 5.- VESTIARIOS, DUCHAS E TAQUILLAS

1. Non está permitido vestirse e espirse fóra dos vestiarios.

2. É obrigatorio deixar os vestiarios en boas condicións para usuarios posteriores.

3. Rógase aos Socios facer un uso responsable da auga quente.

4. Dispónse de servizo de taquillas propiedade do Club e o seu uso, que debe abonarse, concédese aos Socios por rigorosa quenda de petición. Deberán ser mantidas polos seus usuarios -como máximo un por taquilla- en bo estado de

hixiene, prohibíndose gardar nos seus interior elementos que poidan degradarse, deteriorarse ou inflamarse.

ARTIGO 6.- EMBARCACIÓNS DE RECREO

1. O Club dispón de diversos tipos de embarcacións: piraguas, kayak, e embarcacións de vela lixeira. Todos os Socios terán dereito ao seu uso e goce atendendo ao fixado no Regulamento.

2. As reservas deberán efectuarse a través da páxina web do Club.

3. A reserva efectuada será para uso persoal do Socio de número ou de Socios familiares, prohibíndose expresamente a reserva por un Socio para que o uso se efectúe por terceiros non Socios.

4. Está prohibido o seu acceso aos menores de idade que non vaian acompañados de persoas maiores que se responsabilicen deles.

5. As embarcacións de recreo deberán levar como mínimo un chaleco salvavidas por persoa.

6. No caso de tablas de Paddle Surf, por motivos de seguridade, a súa utilización quedará circunscrita ao triángulo Pedra Branca-Porto de Bueu-Porto de Beluso.

7. Lémbrese da prohibición do baño nas proximidades dos pantaláns. O Club non se responsabilizará da navegación coas embarcacións prestadas polo interior do porto a excepción das saídas e entradas.

ARTIGO 7.- ZONA DE ALMACENAXE DE EMBARCACIÓNS DE RECREO

1. Estará destinada á almacenaxe de kayak, piraguas, embarcacións de vela lixeira, carrro de varada, tablas de surf, pneumáticas e velas. O acceso á mesma está reservado aos Socios que tivesen solicitado e abonado a ocupación de espacio.

2. Non está permitida a colocación de embarcacións e material deportivo fóra da zona acoutada para iso.

3. As embarcacións e material almacenado deberán levar un nome que acredite ao propietario.

ARTIGO 8.- RESERVA DE “CUNA” PARA VARADA

1. Do mesmo xeito que as reservas de embarcacións, as reservas da cuna do Club para varadas terán que efectuarse a través da páxina Web.
2. Na reserva da cuna deberá consignarse o nome da embarcación propiedade do Socio, prohibíndose expresamente a reserva por un Socio para que o uso se efectúe por terceiros non Socios.
3. As reservas non deberán superar as tres semanas de utilización para varada. En casos especiais podería prolongarse esta reserva ata unha semana.

ARTIGO 9.- RÉXIME DISCIPLINARIO

As faltas de conduta, disciplina, infraccións do Regulamento serán sancionadas de acordo coas consideracións que figuran no Estatuto.

ARTIGO 10.- NOTIFICACIÓNS

1. Os Socios deberán comunicar ao correo electrónico do Club o seu domicilio e correo electrónico a efectos de citacións e notificacións.
2. Se tentada a citación ou notificación non fose imposible practicala, farase unha dilixencia expresiva da data e do motivo polo que non se puido proceder á notificación.

ARTIGO 11- SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS

1. As suxestións, queixas e reclamacións que os Socios poidan expor deberán formularse por escrito debidamente cumprimentado e dirixido á Xunta Directiva. Estas poderán depositarse na caixa de correos habilitada polo Club.
2. As reclamacións que se dirixan á Xunta Directiva serán contestadas nun prazo máximo de quince días a partir da recepción.